

Tendo en conta o informe proposta de data 7 de decembro de 2021 e que literalmente di:

“A Concellería de Muller e Igualdade organiza obradoiros infantís durante as vacacións escolares do Nadal 2021 baixo o título “Xornadas EDUcativas” nas seguintes datas:

- Do 27 a 31 de decembro de 2021, ambos incluídos
- Do 3 a 5 de xaneiro de 2022, ambos incluídos

O obxecto destes obradoiros é apoiar ás familias na atención aos seus fillos en idade escolar durante os períodos vacacionais ademais de sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

O número de prazas son as seguintes:

- Obradoiros urbanos: 70 (máximo 35 prazas en cada CEIP)
- Obradoiros no rural: 30

Os lugares nos que se levarán a cabo son:

- Zona rural: Local da AVV. Valle de Esmelle
- Zona centro: CEIP de Recimil e CEIP de Ponzos.

O servizo prestarase nos lugares anteriormente sinalados en horario de 8:30h a 14:30h.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empradoado no Concello de Ferrol, agás os/as menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

As solicitudes seguirán unha rigorosa orde de inscrición segundo a data e hora de presentación no rexistro xeral, sendo éste o único criterio a seguir para a selección.

A documentación a presentar será:

- Solicitud (Anexo I)
- DNI do/a solicitante.
- Autorización cesión de imaxe (Anexo II)

Os obradoiros están dirixidos a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 27 de decembro 2021 e non cumprir os 13 anos antes do 6 de xaneiro de 2022.

**O prazo para solicitar a inscrición en ditos obradoiros será dende o 9 ao 16 de decembro, ambos incluídos.**

Polo exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** A aprobación do prazo de inscrición dende o 9 ao 16 de decembro, ambos incluídos.

**Segundo.-** Aprobar o criterio que fixa a orde de preferencia para a participación nos obradoiros

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal.  
“

**Decreto:** Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

A Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade  
Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización  
Lingüística

Dou fe,  
O Secretario Xeral